

**Bouza-Brey e a súa obra literaria.  
Un ensaio de actualidade**

**Ramón Nicolás**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

NICOLÁS, RAMÓN (2012 [1992]). “Bouza-Brey e a súa obra literaria. Un ensaio de actualidade”. *Dorna*: 19, 105-109. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1918>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

NICOLÁS, RAMÓN (1992). “Bouza-Brey e a súa obra literaria. Un ensaio de actualidade”. *Dorna*: 19, 105-109.

\* Edición dispoñíbel desde o 2 de marzo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

**BOUZA-BREY**  
**E A SÚA OBRA LITERARIA:**  
*Un ensaio de actualidade*

*Ramón Nicolás*

A Editorial Galaxia, na súa colección Ágora -centrada ata agora en diversas análises literarias de autores clave como Cunqueiro, Neira Vilas, Castelao, Rosalía ou Luís Pimentel-, tivo a ben editar hai poucos meses un estudio<sup>1</sup> que se debruzase sobre a figura que a Real Academia Galega decidiu actualizar e homenaxear neste ano noventa e dous: o polifacético e plural Fermín Bouza-Brey. Resultou ser, nesta ocasión, o poeta e narrador Ramiro Fonte o escollido para ofrecer unha nova lectura e unha interpretación rigorosa e actual que resitúe a vida e obra do pontearéan tanto nas súas concretas coordenadas biográficas que o erixen, con forza propia, nun intelectual aberto e insustituíble, coma nas literarias que o colocan, pola súa parte, como o alicerce elemental para construír ese movemento literario que se deu en chamar "neotrobadorismo".

Trátase este, pois, dun estudio definido por basearse única e exclusivamente na obra literaria de Bouza-Brey (non esquezamos todo o seu labor desenvolvido noutros ámbitos non menos importantes como a arqueoloxía, a prehistoria, ou a etnografía, que demandan con urxencia a súa reactualización e comentario) e máis singularmente naquela actividade poética que lle outorgou máis sona literariamente: *Nao senlleira e Seitura*, obras coas se ergue como o teórico pai do neotrobadorismo, o que en xuciosa opinión do seu analista, agochou e escureceu outras liñas tamén evententes na súa poesía como é, por exemplo, a do seu vital neo-popularismo.

Deste xeito ábrese o volume cun achegamento ao seu perfil biográfico no que se destacan, amais dos pertinentes sucesos perso-

ais, a súa participación nalgúns kdos excepcionais fitos da cultura galega de preguerra como son a revista *Nós* -na que colaborou insistentemente evidenciando a súa polifonía investigadora e artística, e unha envexable capacidade de traballo-, o Seminario de Estudos Galegos -que cofundou subxacendo ese propósito de formación de investigadores para o estudio da realidade galega en distintos eidos e desde distintas perspectivas- e o Instituto Padre Sarmiento -como singular continuidade do espírito da anterior empresa-. Fitos que, páxinas máis adiante, aparecerán explicados con maior demora.

Neste sentido preséntasenos unha atinada aproximación histórica-literaria ao tempo no que Bouza desenvolveu o seu traballo intelectual, incidindo especialmente naquela actividade poética vangardista que lle deu maior relevancia no período da II República e dos anos inmediatamente anteriores. Proponse así un discurso onde se nos aparece unha característica propia do autor do ensaio que non se interromperá ata o remate deste como é a de procurar con esmero, a través do coñecemento e da asimilación que manexa con habilidade no que atinxe ao dominio do pensamento dos distintos interpretadores do feito literario e artístico universal, unha explicación lóxica e racional dos sucesos históricos e literarios que se engarzan nunhas vivencias comúns e coetáneas ás do autor galego estudiado. Deste xeito, pasearán, a través das páxinas deste volume, o pensamento e actividade dun Florentico Cuevillas (quen se sitúa preto de Bouza por amizade e afinidades no campo da pre-historia), dun Vicente Viqueira (que se descobre como fi-

gura calve e malfadada para desempeñar o papel de teórico do nacionalismo que non chegou a acadar pola súa inesperada morte, papel que lle correspondería tanto pola súa rigorosa formación filosófica como polas súas vinculacións europeístas), dun Vicente Risco (modelo de intelectual plural e vertebrador de canles de debate ou reflexión) ou do propio Bouza en relación con estes; ao lado -e isto é o que subliñamos- de referencias á perspectiva analítica ou explicativa dun George Steiner, Stromberg, T.S. Eliot, Octavio Paz, Ricardo Gullón ou do mesmo Marcel Raymond.

Un amplo apartado -"A poesía galega de antes do 36"- preséntase a continuación. Nel, cuns presupostos hermenéuticos parellos aos expostos por Arcadio López-Casanova noutros textos ou ocasións, sitúa a figura de Ramón Cabanillas como verdadeiro elo poético entre os autores galegos do XIX e o modernismo hispánico representado na obra do poeta nicaraguano Rubén Darío. Modernismo que hai que facelo dialogar, a instancias do ensaísta, con ese movemento que vincula a primeira rebelión dos románticos co simbolismo. Mágoa, ao noso parecer, que só se deixe intuído, a este respecto, o papel que o propio Otero Pedrayo puido desempeñar: quizais as escasas mostras conservadas da súa actividade poética dificulten unha eséxese que sería interesante desvelar non moito máis tarde. Neste apartado tamén se evidencia unha característica que é mester salientar e que percibimos como iterativa en todo o ensaio: Ramiro Fonte realiza un mritorio labor de investigación bibliográfica, sempre necesaria e non sempre aplaudida, exhumando e reinterpretando parte da obra lírica, e mesmo ensaística, que por aqueles anos se realizaba en Galicia e que hoxe resulta bastante descoñecida; deste modo, coméntase, por exemplo, o prólogo unha antoloxía de Álvaro de las Casas coa intención de aproximar a visión crítica que nese ano -1928- se tiña da nosa lírica onde se advirten paradigmas usados con posterioridade: apúntanse xa como "medievalistas" a Bouza-Brey a carón de Blanco Amor,

responsables de "resucitar a maneira dos cancioneiros", afastándoos, curiosamente, da corrente vangardista na que se incluírían a Amado Carballo e a Manuel Antonio baixo o nome de "futuristas". Nesta mesma dirección de esculca bibliográfica aprtaranse, páxinas adiante, a exhumación e revalorización do soporte crítico que Carballo Calero ofreceu para o movemento neo-trobadorista ou a atención prestada por este á obra de Bouza que prefigurarán, con atinado xuízo, a estética poética do pontareán.

Como non podía ser doutra maneira Fonte achégase á instalación das vangardas na nosa poesía, movemento esencial no período de entreguerras, onde se salienta o papel de Bouza "encamiñado a aureolar de novo a tradición" ao que se vincula o coñecido rol desempeñado por Risco como divulgador de esas formulacións ou a actividade dun Manuel Antonio, representante sobranceiro do espacio de ruptura da poesía galega do momento, engadindo finalmente o labor de Amado Carballo e o do xove Álvaro Cunqueiro, punto de síntese, este último, entre a tradición e a vangarda na nosa lírica á que pertencería por dereito propio Bouza-Brey, delimitando este espacio xeracional, situado a partir da fin da primeira guerra mundial, polo percurso daqueles membros que participan dalgunha maneira no proxecto político-cultural de «Nós» ao tempo que se abeirán na estética da poesía europea contemporánea. A este respecto, recompilando as aportacións que López-Casanova ten ofrecido ofrécese unha sistematización polo miúdo deste panorama plural e ricaz no que se desean algunhas das liñas estéticas dominantes que por veces conflúen. Panorama, sen embargo, no que aínda queda moito labor por facer: véxase desta maneira a falta de análises interpretativas sobre a obra de Manuel Luís Acuña -obxecto na actualidade de atención investigadora-, do Euxenio Montes de antes da guerra, dos irmáns Casas, ou mesmo de Roberto Blanco Torres de quen o propio Fonte subliña a produción altamente intelectualizada que presenta nalgunhas



Alfonso Costa

composicións marcadas polo seu contido filosófico e conceptual e que atopamos no seu *Orballo de media noite*, poemario, en definitiva, que reivindica e reactualiza, aínda que brevemente, neste seu ensaio.

Nunha análise da obra literaria de Bouza Brey non podían evitarse, en boa lóxica, unhas páxinas centradas na esculca do "neotrobadorismo" como unha das direccións da lírica contemporánea que propón unha relectura da lírica galego-portuguesa medieval, beneficiándose dos recursos estilísticos máis característicos da poesía dos nosos trovadores, como a define Fonte. Achegámonos, pois, a este movemento adxectivado como o debatido entre os desexos de contemporaneidade e a imitación, por veces arqueolóxica, dos textos me-

dievais que xorde propiciado polo coñecemento da existencia dunha tradición literaria na Idade media, que impulsaban un Armando Cotarelo Valledor alentando aos mozos do "Seminario" ou a propia publicación de estudos ou dos textos medievais a finais dos anos vinte por Nunes ou Rodrigues Lapa. Neste sentido, botamos en falta unha referencia, aínda que mínima, á orixe deste termo que fixo fortuna nos nosos estudos literarios. Probablemente foi o último filólogo portugués citado, Rodrigues Lapa, quen, nunha carta persoal a Bouza, exhumada por outra parte na magnífica edición da *Obra literaria completa* que Luís Mariño preparou para Edicións do Cerne no ano 1981, parece usar por vez primeira tal denominación<sup>2</sup>.

Ben interesante resulta, así mesmo, o partado dedicado a investigar sobre os antecedentes deste movemento, onde sitúa algunhas composicións publicadas n'*A nosa terra*, deténdose demoradamente nos poemas neotrobadoristas de Carles Riba xustificándoos como unha débeda á afección ao clasicismo do poeta catalán e do que xa había algunha referencia parcial, e cremos que é de xustiza apuntalo, nun artigo de Xosé María Álvarez Blázquez en *Papeles de Son Armadáns* titulado "Carles Riba, poeta en gallego" datado en novembro de 1961. Non se esquece tampouco ao propio X.V. Viqueira, reproducindo un texto dos seus *Poemeto da Vida* onde parece habermáis recreación da cantiga medieval que auténtica creación individual. Únense aquí ao poeta galego e catalán nun común espírito máis imitativo que renovador, mentres que o obxectivo que subxacería na corrente sería o de trascender a *mímese*, congraciándose co alento dun tempo que era o da ruptura e no que agromarían os poemarios de Bouza-Brey ou dun Cunqueiro.

Remátase o capítulo centrado na eséxese de tal movemento cun aspecto que, de por si e baixo o noso punto de vista, merecería outro ensaio á parte tanto pola pouca atención prestada como polas posibles repercusións, ou mesmo pola súa existencia como dirección e como posibilidade aberta hoxe en día; tal é o da expansión ou incidencia do neotrobadorismo onde xa se atopan rastros no primeiro e no último Cunqueiro ou nos *Romances galegos* de Blanco Amor do ano 1928, aínda que se constante unha continuidade en anos posteriores apuntándose unha serie de obras que beben, en distinta medida na mesma fonte da clasicidade, destacándose como posibilidade dunha lírica non desarraigada, lonxe da corrente existencial ou rehumanizadora, pouco conflictiva, como reasimilación do feito medieval que se pode patentizar, en parte, na obra escarniña dun Celso Emilio; manifestación, como di o autor, dunha vea crítica e antipoética, pero na que habería que subliñar que tal reapropiación léxica ou téc-

nica se actualiza desaparecendo, en boa medida, o espírito medieval.

As páxinas finais do libro artículanse como un achegamento á obra literaria de Bouza-Brey como era de esperar. Deste xeito, xa se apunta a posibilidade de que a obra non poética sexa susceptible de erguer máis interese que a poética, na que sen embargo se entrará co obxectivo de ofrecer distintas estratexias de lectura válidas para hoxe, destacando, en resumo, o seu "popularismo", o "formalismo" e o "clasicismo" (dado este último a través do popular e do medieval) como características fundamentais da súa estética que xa se evidencian na súa autopoética do ano 1955, a falta do coñecemento público da realizada no ano 1935 que, como tantas outras, posúe Filgueira Valverde, quen as vai dando a coñecer como elixires máxicos, cando se constitúen hoxe por hoxe en imprescindibles ferramentas para o investigador.

Así, en *Nao senlleira*, libro emblemático e teórico iniciador da corrente, xa advirte que se trata dun libro de temática variada, estruturado en base ao emprego de diferentes procedementos formais con composicións que ás veces non teñen nada de neotrobadoresco, mentres que noutras este pouso se filtra no léxico ou nos procedementos paralelísticos, elaborando intelectualmente os textos con desexo perfeccionista. Sistematízanse, xa que logo, os procedementos que axudarían a definir un texto como neotrobadorista que serían: (i) os que copian os modelos da cantiga de amigo, conservando o enunciador lírico feminino, (ii) o uso o paralelismo como forma estruturadora do poema, (iii) o emprego do refrán, (iv) o léxico dos cancioneros e (v) certo medievalismo onomástico.

Despois da análise dos poemas neotrobadorescos nos que se vindican o espacio de clasicidade que se percibe a través da manipulación culta e elaborada de procedementos neopopulares; acrecéntanse o estudio da temática marítima que unifica os contidos da obra; os procedementos espacio-temporais á luz de intuicións de Gaston Bachelard, mais

a análise das "elexías" do libro e das "cantigas cívicas" en consonancia co espírito do Seminario de Estudos Galegos; concluíndo por resaltar, ademais, a ausencia de confección e experiencia no poemario, o seu mínimo grao de ruptura e a dirección cara á tradición máis o seu labor de investigador da linguaxe poética e o idealismo formal que o domina.

Complétase este extenso ensaio coa análise de *Seitura*, texto pouco afortunado pola escasa atención que se lle prestou, do que se sinala a fidelidade que garda respecto á súa poética de sempre, ofrecendo un produto diverso -con textos que van desde a perfección formal aos de ornamentación modernista-, que se ergue como unha illa na poesía dos anos cincuenta e que retrocede, nalgunha medida, polo idealismo que presenta malia posuír textos de alta "temperatura humana" como sinala o seu comentarista, con referentes modernistas e postsimbolistas, abandonando parcialmente o neotrobadorismo polo que agora xa se descobre abertamente como poeta

de varias cordas conquistando territorios implícitos no seu libro anterior con composicións que evidencian nalgúns casos a súa aguda relixiosidade existencial.

Finalízase o presente estudio cun achegamento breve á súa produción prosística -*Cabalgadas en Salnés*, de ecos valleinclanescos- que por limitada non permite sistematizar as características que puideran dominar tal actividade; e á relevante actividade levada a cabo no terreo ensaístico, consciente de deixar fóra todo o labor por el desenvolvido noutros ámbitos como a arqueoloxía, etnografía ou prehistoria, incidindo nos estudos de crítica literaria sobre poetas galegos e os seus coñecidos estudos rosalianos que o converteron nun clásico neste aspecto, recuperando a intrahistoria íntima da poetisa no intento de procurar a explicación literaria en clave histórico-persoal. Unha antoloxía crítica pon cabo ao completo<sup>3</sup> e rigoroso estudio que colocará, de certo, na xusto sitio a obra lírica de Bouza-Brey entre os poetas da súa época.

#### NOTAS:

- 1 Ramiro Fonte, *Fermín Bouza-Brey e a súa obra literaria*, Galaxia, Vigo, 1992.
- 2 Transcribimos aquí parcialmente tal carta datada o vinte de Maio de 1933: "Agradeço-lhe vivamente o formoso presente do seu *Nao Senlleira*. O meu amigo é na Galiza o chefe dun trovadorismo, que utiliza com perfeição o ritmo das velhas e lindas cantigas de amigo".
- 3 Mágoa dun achegamento, por breve que fose, cara aos aspectos estrictamente lingüísticos presentes na obra do poeta que necesitarían, hoxe por hoxe, unha necesaria clarificación.